

Comunicado do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia **CPETIG**

De	A
Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia	Medios de Comunicación e á Sociedade
Asunto	Autor
Declaración Institucional do CPETIG ante o 17 de Maio, día de Internet e día da Sociedade da Información	Gabinete de Comunicación do Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia
Data	Código de Referencia / Num. Páxinas
15 de Maio do 2008	NP20080515-01R2 / 3 Páxinas
Pode obter máis información en	info@cpetig.org

Manifesto do CPETIG do día de Internet e día da Sociedade da Información (17 de Maio de 2008)

Resumo. O CPETIG avoga por levar a Rede e a xeración de redes de cooperación a tódolos ámbitos; pola inclusión de todos os territorios e tódolos colectivos na nova Sociedade; pola unión, dentro da diversidade e con respecto á diferenza, de todos os colectivos de profesionais con competencias TIC para dar resposta e afrontar de xeito común os retos os que se enfronta Galicia; polo recoñecemento do papel chave que xogan as enxeñarías en informática no proceso; por facer das enxeñarías en informática profesións “sexys” que atraian os xovenes e as mulleres; pola incorporación masiva das mulleres á industria TIC; e pola participación dos xovenes expertos en TIC na toma de decisións relacionadas coa mellora de procesos e competitividade das empresas e organizacións.

Por unha Galicia Relacional, Dixital e Inclusiva

As TIC (Tecnoloxías da Información e das Comunicacións) convertéronse xa na base da Sociedade da Información e do Coñecemento revolucionando todas as áreas nas que se incorporan e modificando radicalmente os usos e costumes da nosa Sociedade.

A incorporación das TIC leva consigo unha mellora na competitividade, a aparición de novas formas de negocios e novas formas de relacionarse. E xurden como en toda nova etapa na que se producen cambios profundos a **aparición de novos e importantes retos e cuestións técnicas, legais, laborais, sociais, culturais, etc. ás que hai que darlle resposta** procurando neste avance non deixar a ninguén atrás e facendo desta nova sociedade unha nova Sociedade Inclusiva.

Ademáis, **Galicia** nesta nova Economía Global Dixital que está a xurdir era ata o de agora unha rexión periférica na lóxica industrial e na lóxica dos grandes circuitos económicos, pero **ten a oportunidade única de converterse nunha rexión central na nova lóxica dixital**. Nesta liña deben apoiarse todas as iniciativas encamiñadas a facer de Galicia un xerador de produtos e servizos dixitais, e en especial aqueles fundamentados no software libre e no coñecemento aberto.

Se algo debemos aprender do crecemento fulgurante de Internet, a chamada Rede de Redes, é da forza e **os beneficios que se poden chegar a acadar en moi pouco tempo mediante a coo-petencia (cooperar competindo) entre distintos, o intercambio de coñecemento aberto e a unión mediante redes**. O Plano Estratéxico Galego da Sociedade da Información puxo en marcha xa unha serie de medidas encamiñadas neste senso, poñendo os medios para a creación de agrupacións ou clústers sectoriais e intersectoriais. Fomentar e continuar reforzando estas liñas, nunha sociedade como a galega caracterizada pola atomización do seu tecido empresarial

e investigador, debe ser un obxectivo prioritario. Non debemos olvidar neste senso o fomento para o desenvolvemento de proxectos que permitan a empresas, entidades ou territorios mentores conducir os máis atrasados a esta nova Economía.

Así mesmo debe potenciarse, como unha estratexia vital, liñas de actuación que impliquen a **participación das empresas, institucións e colectivos profesionais galegos de tódolos tamaños e condicións en redes e foros internacionais TIC e I+D+i** e que permitan desta forma traer novo coñecemento e xenerar novas sinerxias en Galicia. Como de novo demostra Internet o futuro é de aquel que esté conectado a outros.

Para todos estes novos retos debe garantirse a existencia de profesionais de calidade que lle den respaldo. Non se pode construír esta nova Sociedade da Información e dar resposta a todos estes retos sen o soporte e apoio de profesionais competentes. E eiquí **os profesionais das enxeñarías en informática xogan un papel vital**. É necesario recoñecer e coidar a estes profesionais e desenvolver estratexias para atraelos, retelos e mimalos creando entornos de traballo atractivos, innovadores e motivadores.

Aínda que todos os indicadores suliñan un maior achegamento, coñecemento e uso da informática por parte dos rapaces e rapazas, nembargantes isto non se traduce na demanda de carreiras universitarias TIC. E isto agrávase no caso das mulleres xovenes, quen ademais constitúen xa a maioría de matriculadas universitarias. Fai tempo que a imaxe dos profesionais das TI está alonxada da imaxe do “geek”. Aínda así é preciso afondar nesta liña facendo ver ás mulleres que **os traballos na industria TI poden ser tan “sexys” coma outras profesións**.

Para conseguir que as nosas empresas sexan punteiras a innovación baseada nas TIC debe incorporarse en tódolos procesos e en tódolos niveis. Nunha poboación tan envellecida como a galega, isto pasa por **facermos máis partícipes ós xovenes**, que dispoñen dunha visión fresca e están acostumados ós usos e o emprego das novas tecnoloxías, **nos procesos de toma de decisións relacionados coa innovación e a mellora de procesos das organizacións**.

Fronte estes retos a unión dos distintos colectivos de profesionais do mundo das TIC, con competencias e capacidades diferenciadas cada un no seu ámbito pero igualmente necesarios todos para construír e desenvolver a Sociedade da Información, é unha necesidade. Avogamos polo tanto polo lanzamento de iniciativas orientadas a estreitar todavía máis aínda os lazos e a **aunar esforzos entre tódolos Colexios e Sociedades Profesionais das Enxeñarías relacionadas coas TIC de Galicia co obxecto de constituír así unha rede de Colexios Profesionais da Sociedade da Información**, co fin de prestarlle o mellor servizo a Galicia.

A incorporación á Sociedade da Información, e facer da nosa economía unha das máis competitivas, fronte a outras que xa están a percorrer ese camiño, é unha camiñata que non se pode facer en solitario. Internet demóstranos que as redes son o camiño.

Santiago de Compostela, 14 de Maio de 2008.

Xunta de Goberno do CPETIG

Sobre o Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica en Informática de Galicia



O Colexio Profesional de Enxeñaría Técnica Informática de Galicia (**cpetig**) é unha corporación de dereito público que aglutina aos Enxeñeiros/as de grado medio (titulados universitarios de ciclo corto) en Informática, represéntaos oficialmente, e traballa para organizar, proteller, mellorar e velar por un adecuado exercicio da profesión, con garantía de calidade e vontade de servicio á Sociedade.

O Colexio está presidido dende o 2007 pola Presidenta Leticia Diz Bengochea.

Pode contactar co Colexio a través de correo electrónico en info@cpetig.org.

Algunha das imaxes do Colexio que pode solicitar

